


PLAN DE IGUALDADE



CEIP Joaquín Rodríguez Otero

Outubro 2019

INDICE

1.- Introducción

2.- Contextualización normativa e do centro

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

3.1.- Representación de profesorado e personal non docente nos distintos órganos de decisión

3.2.- Matrícula nos distintos niveis

3.3.- Resultados académicos obtidos

3.4.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)

3.5.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias

4. Obxectivos coeducativos

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

6. Seguimento e avaliación

1- INTRODUCCIÓN

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado os valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

2- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Para a elaboración de este Plan de Igualdade tívose en conta a seguinte normativa:

Normativa estatal

- Constitución española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Normativa autonómica

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa do centro

Previamente á realización de este Plan de Igualdade esta problemática era recollida nos seguintes documentos de centro:

Proxecto Educativo :

- Na Introducción, dentro das notas de identidade (punto II), recóllense nos apartados principios de convivencia (apartado B) e valores (apartado D).
- Na concreción do currículo e tratamento transversal nas areas (punto IV).

Normas de organización , funcionamento e convivencia:

- Principios xerais da actividade educativa (Capítulo I , artigo 3 – f)
- Órganos de goberno (Capítulo II , artigo 6- f)
- Convivencia (Capítulo X)

Plan de convivencia:

- Definición do Plan de convivencia (punto 3.1.2)
- Comisión de convivencia (punto 3.3)
- Experiencias realizadas no centro (punto 4.2.2)
- Obxectivos xerais e específicos do plan (punto 5.1)
- Actividades previstas (punto 6.1)

Proxecto lector:

- Medidas e actuacións (punto 4.3.A.1)
- Plan de uso da biblioteca escolar como recurso de apoio ao proxecto lector (punto B.3)
- Criterios e procedementos de avaliación (punto 6.6)

3- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

De seguido procédese á análise da situación do centro tomando os datos á data de elaboración do presente Plan (outubro 2019).

3.1.- Representación de profesorado nos distintos órganos de decisión

Este centro educativo está constituído por cinco unidades , 3 de educación primaria e 2 de educación infantil. Como se recolle no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97) , a composición atenderá ao recollido no Capítulo III : “ *Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións deles*

O consello escolar.

3. Centros de tres, catro ou cinco unidades.

a) O director, que será o seu presidente.

b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.

c) Dous mestres elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no consello.

d) Dous representantes dos pais de alumnos.”

O Claustro está formado por 8 docentes , 6 de eles con destino definitivo no centro.

		muller	home
Órganos de goberno e participación:			
	Equipo directivo		1
	Consello Escolar	3	3
	Claustro	6	2

Desde o curso 2009, dentro do Consello Escolar, o centro conta cunha persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Estas accións concéntranse en torno ás datas sinaladas no calendario escolar e esténdense a toda a comunidade educativa.

Desde o curso 2017/18 , e dentro da actividades realizadas no ámbito dos contrato-programa se están a realizar actividades formativas e obradoiros sobre os obxectivos coeducativos .

3.2.- Matrícula nos distintos niveis

De seguido procédese a análise estatística da matrícula do centro cos datos do curso 2019/20.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL
 CEIP Joaquín Rodríguez Otero

Campo de Xaviña, s/n (Buño)
 15111 Buño (Santo Estevo)
 ☎ 881880740 📠 881880747
 ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez/>



15021861

ES989

ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA E CURSO

Ano académico: **2019/2020**

Ano inicio: **Todos**

Ensinanza: **Todos**

Curso: **Todos**

Réxime: **Todos**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
4º Educación infantil	2	2	4
5º Educación infantil	3	6	9
6º Educación infantil	2	2	4
1º Educación primaria	4	2	6
2º Educación primaria	4	7	11
3º Educación primaria	2	4	6
4º Educación primaria	4	4	8
5º Educación primaria	7	1	8
6º Educación primaria	5	6	11
Totais:	33	34	67

Esta equivalencia global no número de mulleres e homes entre o alumnado vense mantendo nos últimos cursos , mais alá das variacións concretas do número de nacementos nun ano concreto.

3.3.- Resultados académicos obtidos

De seguido procédese a análise estatística dos resultados académicos do centro cos datos do curso 2018/19.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL
 CEIP Joaquín Rodríguez Otero

Campo de Xaviña, s/n (Buño)
 15111 Buño (Santo Estevo)
 ☎ 881880740 📠 881880747
 ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez/>



15021861

ES998

ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON AVALIACIÓN POSITIVA

Ensinanza: **Educación primaria**
 Curso: **Todos**
 Réxime: **Todos**

Ano académico: **2018/2019**

Ano inicio: **Todos**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Educación primaria	4	6	10
2º Educación primaria	2	3	5
3º Educación primaria	4	3	7
4º Educación primaria	7		7
5º Educación primaria	4	6	10
6º Educación primaria		3	3
Totais:	21	21	42



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL
 CEIP Joaquín Rodríguez Otero

Campo de Xaviña, s/n (Buño)
 15111 Buño (Santo Estevo)
 ☎ 881880740 📠 881880747
 ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez/>



15021861

ES997

ALUMNADO QUE PROMOCIONA POR PROMOCIÓN OBRIGATORIA

Ensinanza: **Educación primaria**
 Curso: **Todos**
 Réxime: **Todos**

Ano académico: **2018/2019**

Ano inicio: **Todos**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Educación primaria			
2º Educación primaria			
3º Educación primaria		1	1
4º Educación primaria		1	1
5º Educación primaria			
6º Educación primaria			
Totais:		2	2



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL
 CEIP Joaquín Rodríguez Otero

Campo de Xaviña, s/n (Buño)
 15111 Buño (Santo Estevo)
 ☎ 881880740 📠 881880747
 ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
 http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez/



15021861

ES996

ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA

Ano académico: **2018/2019**

Ano inicio: **Todos**

Ensinanza: **Educación primaria**

Curso: **Todos**

Réxime: **Todos**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Educación primaria	1		1
2º Educación primaria			
3º Educación primaria			
4º Educación primaria			
5º Educación primaria			
6º Educación primaria	1		1
Totais:	2		2

Mais alá dos resultados globais da promoción do alumnado , estase a realizar por parte do equipo directivo do centro académicos , un seguimento dos resultados por calificacións dos resultados obtidos polo alumnado home e muller , tanto nos resultados académicos como nas avaliacións de 3º de primaria e final de primaria. Estes resultados recolleranse na memoria dos contrato-programa e deste Plan de Igualdade.

3.4.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)

O centro conta cunha baixa conflitividade escolar. Desde a comisión de convivencia do Consello Escolar aténdese as incidencias puntuais que se producen , facendo un seguimento dos protocolos aplicados.

Desde hai varios cursos , en coordinación co Departamento de orientación , realizase un programa de actuacións dirixidas ao alumnado e as familias para fomentar hábitos de comportamento respectuoso e de resolución pacífica dos conflitos.

3.5.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias

O uso dos espazos escolares atende as necesidades das actividades realizadas , tanto escolares como extraescolares. Ata o momento non se recolleu ningún conflito no uso das instalacións.

No relativo ás actividades extraescolares, tanto as organizadas polo Concello de Malpica de Bergantiños como pola ANPA do centro, obsérvase unha diferente participación no número de homes/mulleres segundo a actividade a realizar , polarizándose nas actividades de fútbol e de baile. Esta diverxencia non se atopa noutras actividades realizadas como Judo e Cociña no que hai unha maior equivalencia no número de participantes homes/mulleres.

4- Obxectivos coeducativos

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero.
- Vixiar desde a acción titorial a presenza de indicios de violencia de xénero , aplicando os protocolos indicados e traballando en coordinación cos servizos sociais .

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Realización de actividades de análise a nivel de aula das relacións persoais e afectivas co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Realizar accións informativas sobre a realidade LGBTI que permitan o coñecemento, sensibilización , visualización e aceptación evitando actitudes discriminatorias.

5- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro

Medida	Indicadores
Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.	Revisión dos nomeamentos dos órganos de goberno.
Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.	Revisión da composición do Consello Escolar.
Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).	Presentación no Consello Escolar e Claustro. Publicación na páxina web do centro.

Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.	Difusión de actividades formativas de este ámbito.
Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.	Revisión dos documentos de centro.
Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.	Nº actividade realizadas.
Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).	Nº actividade realizadas. Grao de participación.
Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.	Revisión das programacións e materiais curriculares.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

Medida	Indicadores
Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...	Nº de actividades realizadas con mulleres como centro de interese. Nº de participantes.

Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).	Autoavaliación por parte da aula.
Realizar actividades de sensibilización na aula.	Nº actividades realizadas e grao de participación
Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.	Nº de actividades. Publicación na paxina web do centro.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

Medida	Indicadores
Difundir información no centro.	Coñecemento da información.
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.	Nº actividades propostas. Nº participantes.
Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.	Avaliación por parte do claustro.
Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.	Avaliación por parte do claustro.
Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.	Avaliación por parte do claustro.
Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.	Avaliación por parte do claustro.

Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.	Realización de actividades informativas coordinadas polo Departamento de Orientación.
Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.	Participación en actividades e obradoiros mixtos.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

Medida	Indicadores
Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.	Avaliación por parte do centro das actuacións realizadas.
Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.	
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	
Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.	Avaliación por parte do claustro.
Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.	Autoavaliación das tarefas realizadas.
Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.	Grao de participación na actividade.

6- Seguimento e avaliación

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, vaise a levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá coñecer se os obxectivos expostos están a ser os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así , poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos , erros cometidos, as posibles melloras , necesidades e o grao de satisfacción coa experiencia.

Para todo iso, empregaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores.
- Memoria do Proxecto.

Para a realización de esta avaliación recorrérase o emprego de táboas de recollida de información como a seguinte:

INDICADORES	SI	NON	EN PROCESO
Datos estruturais			
Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos nos documentos de Centro.			
Está nomeada a persoa do Consello Escolar responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres			
Linguaxe escrita			
Cartelería do centro			
Comunicacións			
Documentos de Centro			
Materiais e recursos			
Biblioteca			
Aulas			
Web de centro			
Recursos externos			
Sesións formativas / informativas para o Claustro			
Sesións formativas / informativas para a comunidade educativa			
Outras actuacións e medidas			
Utilización igualitaria dos espazos, recursos e tempos			
Realización de actividades complementarias con perspectiva de xénero			

No seo do Consello Escolar e o Claustro analizarase a avaliación e a memoria do presente Plan, e incluíranse no Plan de Mellora para o vindeiro curso aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución dos obxectivos propostos.